



## Concello de Vigo

**D<sup>a</sup>. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **24 de agosto de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

### **2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. RECTIFICACIÓN ACORDO DO 21 DE AGOSTO DE 2015.**

Dáse conta da referida proposta do Excmo. Alcalde, de data 24.08.15, que di o seguinte:

*Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio deste ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.*

*En data 21 de agosto de 2015 a Xunta de Goberno local aprobou a designación de representantes municipais no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Téndose producido un erro material nos membros nomeados compre rectificar o mesmo.*

*De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta coa rectificación do erro material:*

**Primeiro.-** Nomear representes do Concello de Vigo no **Consello de Administración do CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO** aos seguintes concelleiros/as:

*Polo Grupo municipal socialista:*

*D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font*

*Suplente: D. Cayetano Rodríguez Escudero  
Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez*

*Polo Grupo municipal do Partido Popular:*

*D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz  
Suplente: D. Diego Gago Bugarín.*

*Así mesmo, comunicar ao Consorcio do Casco Vello de Vigo que a **competencia en materia de Urbanismo** no ámbito do Casco Vello é da concelleira de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez. Suplente: Francisco Javier Pardo Espiñeira.*

Segundo.- Nomear representante do Concello de Vigo no **Comité Executivo** do Consorcio do Casco Vello a concelleira:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
Suplente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Terceiro.- Designar **vicepresidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo** ao concelleiro de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.

Cuarto.- Comunicar o presente acordo aos concelleiros designados e ao Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Infomación pública e Bo goberno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e cinco de agosto do ano dous mil quince.



V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.

